


O traballo e a perseveranza teñen froito

No pleno extraordinario celebrado o pasado 23 de febreiro aprobáronse as actuacións que se van incluír no Plan de Obras e Servizos (POS) da **Deputación provincial**. Entre outras, aprobouse a execución da pasarela entre o **CEIP de Sigüeiro** e o **Pavillón Juanito Amigo**, solicitude histórica do BNG de Oroso, que, por fin, vemos conseguida.



Consequimos tamén que se incluíse no orzamento do 2018, o peche exterior da pista polideportiva do **CEIP do Camiño Inglés**. Non pararemos ata que estas dúas obras sexan unha realidade.

8M - Facendo historia. Mulleres en loita



O movemento feminista galego en pé contra o machismo e a desigualdade.

As mulleres de Oroso saímos á rúa esixindo mudanzas reais e querémolas XA!

As mulleres clamamos contra o sistema patriarcal e machista, contra a fenda salarial, contra a violencia de xénero e contra a infravaloración do noso traballo, que nos negan a igualdade.

E non só somos a metade da humanidade, senón que somos fundamentais para ela: sabémolo.

Sabemos que

se nós paramos, para o mundo!

8M - As mulleres do BNG de Oroso falan



Somos iguais?

Un dos aspectos fundamentais recoñecido en calquera sociedade democrática é a igualdade de dereitos. Así, o artigo 14 da Constitución recolle que ningunha persoa pode ser discriminada "por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social".

Este dereito choca de pleno coa realidade que vivimos as mulleres todos os días na nosa sociedade cando comprobamos que o noso papel, ben sexa a nivel social, ben a nivel cultural ou económico é sempre menor ou inferior ao que desempeña o home. Como dixo Simone de Beauvoir: "A historia amosa que os homes tiveron sempre todos os poderes concretos e desde os comezos do patriarcado xulgaron útil manter a muller no estado de dependencia".

Acadar a igualdade real esixe modificar estruturas sociais. Cómpre botar man da corresponsabilidade (a responsabilidade compartida nunha situación ou actuación determinada entre dúas ou mais persoas) e da conciliación (a necesidade de compatibilizar o traballo remunerado co traballo doméstico e as responsabilidades familiares; así como a dispoñibilidade de tempo para o desenvolvemento persoal de cada individuo). Tamén é preciso educarmos doutro xeito: en igualdade (sen diferenciar as mensaxes en función do sexo) e en valores (como o respecto cara ás demais persoas).

Tampouco será posíbel o empoderamento da muller mentres continúe a lacra da violencia de xénero, unha violencia que afecta as mulleres polo

simple feito de o sermos, e que atenta contra a nosa integridade, a nosa dignidade e a nosa liberdade. Esta agresión maniféstase en tres ámbitos: nas relacións íntimas ou de parella, en forma de maltrato; na sociedade, como agresións sexuais; e no medio laboral, a través do acoso.

A violencia de xénero procede das raíces da nosa propia cultura, vai impresa no modelo masculino tradicional da educación e, por tanto, non é un problema individual senón un problema social que esixe unha mudanza radical de actitude en toda a sociedade, na súa cultura, na educación, nas relacións.

Como sinala Aurora Marco, a indiferenza das administracións e de parte da sociedade cara á igualdade fai que as disposicións e as leis a favor desta sexan papel mollado, pois non hai un interese real para que mude a situación da poboación feminina.

Desempregadas?

No Concello de Oroso, **283 mulleres están no desemprego**, o que non quere dicir que estean paradas, sería máis exacto dicir que os traballos que realizan non están remunerados. Porén, o número de homes desempregados é moito menor, 159, o que supón que haxa o **dobro de mulleres desempregadas que de homes**.

Hai que se preguntar se o goberno local é consciente da importancia deste tema. Se fose así, seguramente lle dedicaría máis atención creando os mecanismos necesarios para paliar, cando menos, o problema. Igualdade pode ser unha palabra baleira se non temos en conta todos os parámetros.

Debemos seguir loitando para conseguirmos un mundo de igualdade

Aínda resta moito por facer, posto que o avanzado nesta loita permitiu que enfrontásemos cara a cara outras formas de machismo, demasiado arraigadas na sociedade, que na maior parte das veces pasan diante do noso nariz sen nos decatarmos.

A visión da xuventude sobre o machismo é diversa. Por poñer un exemplo; O piropo, esa "marabilla que che alegra o día" (para unhas), é, para outras, só unha forma máis dese machismo, que choca directamente na nosa cabeza facéndonos sentir como simples obxectos.

Eu, moitas veces atopeime con ese debate, e si, haberá xente á que lle gusten, mais tamén hai outra moita á que non. Entón, o máis lóxico sería que ninguén se sentise co poder ou peor aínda, co dereito a facer o que lle pete sen ter en conta que os demais tamén teñen opinións, dereitos, crenzas, etc. Hai moita xente que pensa que estamos a levar esta loita lonxe de máis, mais iso non é así. Debemos loitar por conseguirmos un mundo de igualdade, en que mulleres e homes sexan iguais en dereitos, e non superpor uns por riba doutros.

Traballando pola veciñanza

O BNG de Oroso preocúpase polo benestar da veciñanza. Fronte ao que outras forzas políticas fan, nós si estamos interesados en mellorar os servizos do noso concello.

Como exemplo, algunhas das intervencións nos plenos do último ano.



*Xosé Manuel Pérez Penas,
portavoz municipal*

Pleno do 26/01/2017

O concelleiro Xosé Manuel Pérez Penas (BNG) solicítalle ao alcalde:

- vai sendo hora de que se poña fin ao “culebrón” do enlace á AP-9 xa que moita veciñanza se ve prexudicada con esta situación;
- no paso do Portiño existen varias arquetas rotas que poden ser perigosas sobre todo para os/as nenos/as;
- hai dous meses que se indicou a existencia dun remolque nunha beirarrúa que obstaculiza parte dun camiño e non se fixo aínda nada;
- na praza de Alexandre Bóveda, xunto ao parque, existe unha elevación con pedra que está chego de lixo;
- a rúa Ulloa presenta varios buratos perigosos;
- vólvese insistir na necesidade de termos un desfibrilador, necesario polo número de nenos/as que practican deporte no noso concello.

Pleno extraordinario do 23/02/2017

- lembra que, con respecto ao POS, o grupo de goberno quedara en atender as achegas da oposición, cousa que non fixo;
- agrádecese que se atendera a construción do paso cuberto no colexio.

Pleno ordinario do 30/03/2017

- Con respecto aos orzamentos, pregúntase por que se establece un importe de 15.645,00€ para promoción e fomento do deporte.
- Tamén aparecen reflectidos 1.500€ para promoción turística, neste caso merecía un orzamento maior.
- Con respecto á ampliación da piscina pregúntase se nese orzamento está incluída a colocación de material antiderrapante.
- Pídese o arranxo da rúa Ulloa (empregada para acceder a varias empresas e á escola infantil).
- Solicítase que, cando haxa que repor o mobiliario urbano, este sexa algo máis resistente.
- Tamén se solicita a promoción dos grupos musicais do concello, xa que se leva esquecendo desde hai anos a Familia Caamagno.

Pleno ordinario do 17/07/2017

- Arranxo do campo de fútbol de San Tomé.
- Solicítase o amaño da esquina da rúa do Portiño coa rúa Ulloa.

Pleno ordinario do 18/08/2017

- Acéptase a compra dun novo tractor para que se manteñan ben os camiños.
- Tamén se pide que se arranxe a senda do río Tambre.

Pleno ordinario do 28/09/2017

- Apóíase a solicitude de abaratamento do prezo da autoestrada.
- Pregúntase ao alcalde se ten coñecemento dunha antena presuntamente ilegal en Porto Avieira.
- Solicítase que o concello se adhira ao acordo para recuperar o Pazo de Meirás.

Pleno ordinario do 10/11/2017

- Apóíase o orzamento xa que se introduciron as melloras na pasarela do CEIP Sigüeiro e do CEIP Camiño Inglés, mais tamén se pide que se amaño a rúa Ulloa.

Entrevista a Ana Pontón

O BNG impulsa o cambio nos concellos e mellora as condicións de vida da veciñanza



Conversamos coa Portavoz Nacional do BNG, Ana Pontón, ante o novo proceso de eleccións municipais previsto para o mes de xuño de 2019. O BNG xa celebrou o Consello Nacional para dar paso á elaboración dos proxectos e candidaturas que aspirarán a conformar os futuros gobernos municipais nos concellos do país, co impulso e a aspiración de construír un novo tempo para Galiza.

Como encara o BNG as eleccións municipais?

Desde o BNG encaramos as eleccións con optimismo, porque estamos á alza como forza política, e a valoración do noso traballo nos concellos é moi boa, mais igualmente temos que esforzarnos en dar a coñecer máis amplamente todo o que estamos a facer neles.

Ese traballo é o noso aval, e é o que fai que a sociedade nos perciba como una organización solvente, seria e con capacidade de goberno e de xestión.

O BNG abre as portas a todas as persoas que comparten, coa cabeza e o corazón, a necesidade de contar con forzas políticas propias para construír una Galiza diferente e mellor

Nos últimos tempos están a difundir a marca *#ConcellosBNG*, que tentan transmitir con esta proposta?

#ConcellosBNG é a marca dos concellos comprometidos con Galiza, concellos con proxectos sólidos que funcionan e que conseguen que sexamos referentes de mellora e de transformación, non só a nivel galego senón tamén a nivel internacional.

Quen viu a Pontevedra, a Allariz, á Pobra do Brollón, a Ribadeo, a Carballo... e quen os ve!

E así con todos os lugares onde podemos desenvolver e asentar a nosa acción de goberno.

En todos estes casos desenvolvemos o proxecto político nacionalista, pensado para o beneficio das maiorías sociais.

Cal é a filosofía do BNG na elaboración de candidaturas ante o reto das vindeiras eleccións municipais?

O BNG vai traballar para construír en cada concello candidaturas nas que os veciños e veciñas poidan confiar.

Queremos construír de maneira aberta proxectos de concello que poidan contribuír ao cambio en todo o País.

Os *#ConcellosBNG* destacan por ter unha boa xestión económica, o dinamismo social e cultural, a rexeneración urbana, a prioridade da atención social, a toma de medidas de xustiza social e a favor da igualdade...

Isto representa unha porta á esperanza porque demostramos que desde os concellos podemos ir construíndo a nación próspera e con futuro que queremos, fronte á Galiza submisiva e irrelevante de Núñez Feixóo.